

 XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DO MAR Dirección Xeral de Ordenación e Xestión dos Recursos Mariños	Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro 15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25	 XACOBEO 2010 Galicia
--	--	--

FICHA RESUMO

Ano	2011	PE403A 2010/89-1
Entidade	CONFRARÍA DE NOIA	
Plan explotación⁽¹⁾	MOLUSCOS BIVALVOS	
Réxime⁽²⁾	AUTORIZACIÓN	
Modalidade⁽³⁾	A PÉ E EMBARCACIÓN	

Especies	Ameixa fina (<i>Ruditapes decussatus</i>), ameixa babosa (<i>Venerupis pullastra</i>), ameixa xaponesa (<i>Ruditapes philippinarum</i>), berberecho (<i>Cerastoderma edule</i>) e cornicha (<i>Spisula solida</i>)
Ambito do plan	Toda a zona de autorización
Subzonas de explotación	

Participantes no plan de Explotación		
Número de permex/persoas autorizadas		
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
434	510	993
Ampliación do número de permex⁽⁴⁾		(ver consideracións)
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes
40	-	-

Calendario de explotación												
Días máximos de extracción						127						
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ toda a zona autorización.												
Modalidade⁽³⁾ a pé e embarcación												
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec	
X	X	X	X					X	X	X	X	

Topes de captura ⁽⁶⁾			
Especies	A pé (Mariscadora/día)	Embarcación/día	Tripulante enrolado e a bordo/día
Berberecho	25 kg		40 kg
Ameixa fina	10 kg 15 kg (decembro)		10 kg 15 kg (decembro)
Ameixa babosa	10 kg 15 kg (decembro)		10 kg 15 kg (decembro)
Ameixa xaponesa	10 kg 15 kg (decembro)		10 kg 15 kg (decembro)
Cornicha	Determinarase na resolución de apertura		

Artes a empregar	A pé: sacho, rastrillo ou angazo Dende embarcación: rastro de berberecho e rastro de ameixa
-------------------------	--

Puntos de control	Puntos de control a pé: San Cosme, Misela e Broña. Puntos de control embarcación Testal, Misela-Flote e Freixo
Puntos de venda	Lonxas de Testal, Freixo.



Accións a realizar ⁽⁷⁾	Épocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: Saíñas												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar		X	X	X						X	X	X
Zonas: Todas, para engorde en zonas que non sexan da confraría de Noia												
Especies: ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras		X	X									
Zonas: Misela												
Especies:berberecho												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados		X	X	X								
Zonas: zonas ó norte da liña que une punta Barquiña e punta Forniño cara a Misela												
Especies: berberecho, ameixa fina e ameixa xaponesa												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: todas para limpeza de algas e arribazóns. Arados zonas localizadas que o necesiten												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros: captura predadores	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: todas												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Participantes: Inclúen listados cun total de 447 mariscadores a pé asociados ás confrarías de Noia, Muros e Lira. O listado de mariscadores asociados á confraría de Noia anexo ao plan inclúe un total de 400 persoas, cando rematado o proceso de renovación de permex para o ano 2011 nesta Confraría, o número de mariscadores autorizados para traballar neste plan é de 388., non teñen o permex renovado para o ano 2011, polo que deben ser excluídos do plan.

O listado correspondente aos mariscadores de Muros que participarían neste plan, inclúe que non ten permex dende o ano 2009, polo que debe ser excluída do plan.

Os listados das embarcacións que participarán neste plan inclúen un total de 510 embarcacións: 396 da confraría de Noia, 55 da confraría de Muros, 28 da confraría de Porto do Son e 31 da confraría de Portosin. Nestes listados aprécianse as seguintes incidencias:

-
-
-
-
-
-



Por todo isto, conforme aos datos da Consellería, e en caso de manter no plan ás embarcacións de Porto do Son, o número de embarcacións co recurso marisqueo (Z4) que poden traballar neste plan é de 510: 394 asociadas á confraría de Noia, 55 asociadas á confraría de Muros, 29 asociadas á confraría de Porto do Son e 32 asociadas á confraría de Portosín.

O número total de tripulantes incluído neste Plan é de 993.

Ampliación: Apróbase o incremento solicitado de 40 mariscadores de a pé na confraría de Noia, a fin de cubrir as baixas producidas nos últimos anos.

No plan de explotación presentado por esta entidade para o ano 2010, aprobouse un incremento de 18 embarcacións, que serían seleccionadas en función do baremo que aprobouse a Dirección Xeral de Recursos Mariños, en canto fose modificada a Orde do 26 de outubro de 2004 pola que se regula a alternancia de artes na Comunidade Autónoma de Galicia que na disposición adicional terceira establece que "... non se poderán incrementar ata que se dispoña o contrario, o raño, a gancha e o angazo, coas que tradicionalmente se vén exercendo o marisqueo desde embarcación". A Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, establece no seu artigo 41º "o exercicio do marisqueo dende embarcación requirirá dispor da modalidade de marisqueo no permiso de explotación da embarcación...". A normativa de desenvolvemento desta Lei establecerá os requisitos para a obtención da habilitación para o exercicio do marisqueo dende embarcación.

Cotas máximas de captura: as cotas máximas de captura para ameixa fina, babosa e xaponesa será de 10 kg/mariscador ou tripulante enrolado e a bordo/día, agás para o mes de decembro que será de 15 kg/mariscador ou tripulante enrolado e a bordo/día. Non obstante, o deberán indicar na solicitude de apertura para o mes de decembro co obxecto de que o departamento territorial poda ditar a resolución correspondente.

Xestión da extracción: A actividade extractiva desenvolverase entre os meses de xaneiro e abril e de setembro a decembro, nos que se traballará de luns a xoves, excepto na primeira semana do mes de xaneiro e no mes de decembro que tamén se realizarán extraccións os venres.

Artes: A gancha a pé non é unha arte autorizada no Decreto 424/1993, polo que para o seu uso requirírase da aprobación dun plan experimental.

Respecto deste punto, neste plan prohibese expresamente o marisqueo "ao ollo" na modalidade de a pé, por considerar que este xeito de marisqueo prexudica ás mariscadoras que non o practican.

Horario: No Plan presentado recóllese que o horario de extracción para o marisqueo dende embarcación será de 8'30 h ás 12'00 h. Tendo en conta que este horario é máis restritivo que o recollido no artigo 115 do Decreto 424/93, de 17 de decembro polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira, e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia, non existe inconveniente na súa aplicación.

Puntos de control: Defínese vagamente a organización dos puntos de control nas zonas de extracción, aínda que non definen que tipo de control se leva a cabo. Para as embarcacións os puntos de control sitúanse en dúas bateas, onde se lle expide un ticket de control a cada embarcación. As persoas responsables son os vixiantes e empregados da confraría. Os responsables puntos de control dos mariscadores de a pé son traballadores da confraría, aos que se poden unir membros da directiva da agrupación, que expedirán tickets de control a cada mariscador.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MAR
Dirección Xeral de Ordenación e
Xestión dos Recursos Mariños

Rúa do Valiño 63-65 – San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono 981 54 40 07 – Fax 981 54 50 25



XACOBEO 2010
Galicia

O paso polos puntos de control é obrigatorio para tódolos participantes deste plan.
Cómpre lembrar o establecido na disposición adicional quinta da Orde do 8 de febreiro de 2008:
“no caso de produtos pesqueiros frescos que teñan que pasar un punto de control, de acordo co plan de explotación correspondente, a mercadoría non poderá ser retirada deste punto polo mesmo propietario que a entrega”.

Remisión dos datos: Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento do banco deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial correspondente, seguindo as indicacións dos técnicos, de xeito que coa solicitude de apertura mensual os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior.

Traballos de semicultivo e vixilancia: As limpezaas no intermareal serán realizadas polas mariscadoras a pé, e computarán como días de actividade a efectos de renovación do permex. Así mesmo, este colectivo realizará labouras de vixilancia apoiando aos vixiantes contratados pola confraría, recollendo este plan un mínimo de 3 días de vixilancia ó ano por persoa e o cómputo destes días a efectos de renovación dos permex.

Réxime sancionador: O incumprimento das normas contidas no plan referente ás limpezaas e vixilancia será motivo de sanción, previo inicio do procedemento sancionador oportuno, conforme ao establecido no regulamento de réxime interno da agrupación ou nos estatutos da confraría de Noia. No caso de que incorra nunha infracción das tipificadas na Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, de pesca de Galicia, denunciarase ante a Consellería do Mar.